

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 29 de xuño de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

<b>COFRADIA DE PESCADORES DE CAMBADOS</b>	
26.26873.-	
<b>ENTRADA</b>	<b>SAIDA</b>
N.º 2018/789-E	N.º
Di 10.07.18	Data

REPARTO DE AXUDAS Á CONFRARÍA DE PESCADORES, FEDERACIÓN DE CONFRARÍAS E AGRUPACIÓN DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2018

Examinadas as solicitudes de axuda a *Confrarías de Pescadores, Federación de Confrarías e Agrupacións de Mariscadoras*, formuladas ao abeiro das bases reguladoras, aprobadas pola Xunta de Goberno do 2 de marzo de 2018, número de acordo 6.26434, cun orzamento total de douscentos corenta mil euros (240.000,00 €) e publicadas no BOP número 56 do 20/03/2018.

Vistos os informes emitidos, en relación o reparto das axudas, pola xefa do Servizo de Medio Ambiente do 30/05/2018, de Intervención do 25/06/2018, e a restante documentación que figura no expediente.

Considerando o disposto nas bases de execución do vixente orzamento da Deputación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar o reparto das axudas a *Confrarías de Pescadores, Federación de Confrarías e Agrupacións de Mariscadoras* do ano 2018, por importe total de douscentos mil euros (240.000,00 €) con cargo á aplicación 18/410.4150.789.02 do vixente Orzamento provincial, da forma que figura no listado que xunta.

O listado de axudas é como segue:

Concello	DNI/CIF	Terceiro	Obxecto da subvención	Importe
CAMBADOS	G36012847	Confraría de Pescadores San Antonio de Cambados	Equipamentos varios	20.000,00€



O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

Pontevedra, 2 de xullo de 2018

○ Secretario,



Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ó desta notificación (*artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lci.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

**Confraría de Pescadores San Antonio de Cambados**

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfr?form.xhtml>  
Código seguro de verificación: RUXZD72MNUFXZTUX

